

Programa de Respiro Familiar para cuidadores de persoas en situación de dependencia

Normativa:

- Nova circular interna da Secretaría Xeral de Política Social pola que se convoca o Programa de Respiro Familiar para cuidadores de persoas en situación de dependencia. (Queda derrogada a circular nº 13/2010, do 4 de novembro que regulaba o Programa de Respiro Familiar para cuidadores de persoas en situación de dependencia e a nº 2 do 28 de xaneiro de 2011 que modificaba a anterior). **Esta circular entrará en vigor o día 1 de abril de 2013.**
- [Cartel](#)

Persoas beneficiarias e requisitos:

Poderán participar neste programa, as persoas maiores de 16 anos con recoñecemento de discapacidade ou de dependencia (grao II ou III) e aquelas outras que, non podendo acreditar os requisitos anteriores, requiran da atención dun cuidador, á vista do informe médico e social que acompañan, e que ademais cumpran as seguintes condicións:

- Ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non estar afectado por enfermidade en estado agudo nin se atopen en fase terminal.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, trastornos mentais ou condutuais graves e non compensados que poidan alterar a convivencia.
- Efectuar a oportuna solicitude e o pagamento do prezo estipulado nas condicións que se lle indiquen.

Duración das estadias:

Modalidade de estadias quincenais

A estadia terá unha duración máxima de 15 días (14 noites) e poderase prorrogar unicamente en circunstancias excepcionais ou cando a persoa con dependencia teña recoñecida a libranza de cuidador do SADD; neste caso contará cun máximo de 45 días ao ano, sempre e cando non dispoña xa da compatibilidade do respiro con outro recurso, (segundo o establecido no artigo 64.5, puntos b), c) e d) da Orde do 2 de xaneiro de 2012).

Modalidade de estadias de fin de semana

Esta modalidade aplicarase unicamente para estadias de fin de semana completo (un fin de semana ao mes), considerando como tal a entrada o venres a partir das 19:00 h. e a saída o domingo antes das 19:00 h.

Contéplase, como excepción, a posibilidade da estadia en día festivo (un como máximo), que poderá cadrar ou non unido ao fin de semana. O horario de entrada é o sinalado no apartado anterior e computándose como unha estadia dun día completo.

Coa finalidade de posibilitar o acceso ao programa ao maior número de solicitantes posible, se unha persoa xa se beneficiou dunha estadia de fin de semana, unicamente se lle poderá conceder outro fin de semana completo cada dous meses, por circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Prezo da praza e achega da persoa beneficiaria

Prezo total da praza:

- Estadías quincenais: **791,5€ por quincena** (52,76€/día), IVE incluído.
- Estadías de fin de semana: **124€ polos dous días** (62€/día), IVE incluído.

No caso de tratarse dun día festivo computarase como unha estadía dun día e o prezo da praza tamén se establece en 62€/día.

Achega da persoa beneficiaria:

En calquera das modalidades, as persoas beneficiarias contribuirán ao financiamento da estadía coa porcentaxe do custo que se establece a continuación en función dos seus ingresos económicos:

Inferiores ao IPREM	40%
Superiores ao IPREM e inferiores a 1.000 €	55%
Superiores a 1.000 € e inferiores a 2.000 €	75%
Superiores a 2.000 €	90%

O importe a pagar polas persoas beneficiarias aboarase, polo menos con 5 días de antelación ao comezo da estadía, directamente á entidade ou centro no que se vai recibir o servizo ou no número da conta bancaria que se lle indique ao efecto.

Documentación:

- [Solicitude e declaración responsable](#), titora, representante legal ou coidadora. Formularase no modelo establecido (anexo I) debendo cumprimentarse tódolos datos requiridos.
- Informe médico relativo ao solicitante, segundo o modelo que o SERGAS establece no IANUS, só naqueles casos en que non exista recoñecemento do grao dependencia.
- [Informe social](#) (anexo III), ou no modelo unificado (ISU) relativo ao solicitante, só naqueles casos que non exista recoñecemento de grao dependencia ou que variaran as circunstancias dende a valoración da dependencia.
- Autorización á Consellería de Traballo e Benestar para consultar os datos do solicitante relativos o DNI, datos da Axencia Tributaria, pensións e recoñecemento de grao e nivel de dependencia. No caso de non asinar esta autorización deberá acompañar á solicitude os seguintes documentos:
 - Copia compulsada do DNI/NIE do solicitante ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade, de conformidade coa normativa vixente.
 - Última declaración do imposto da renda das persoas físicas, certificado de toda a clase de pensións percibidas ou declaración xurada de non percibilas.

Lugar de presentación:

Nas [Xefaturas Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar](#)

Prazo:

A solicitude presentarase con un mes de antelación á data para a que se solicita a quenda, agás situacións de emerxencia sobrevidas (enfermidade, accidente do coidador ou similares) e debidamente xustificadas.

Adxudicación de prazas

Se o número de solicitudes que reúnen os requisitos esixidos para unha data en concreto é superior ao número de prazas dispoñibles ou a dotación económica non permite atender a todas as solicitudes, as xefaturas territoriais aplicarán o baremo sinalado na Circular.

As xefaturas territoriais á vista da documentación presentada ou requirida, da dispoñibilidade de prazas e do orzamento, resolverá as solicitudes e notificará a resolución indicándolle, ás persoas interesadas que se concedera a estadía, que deben confirmar se continúan interesadas na súa ocupación, xunto coa dirección e teléfono do centro para que confirmen cal é a roupa que teñen que levar, a medicación habitual, os accesorios, o xeito de formalizar o pagamento etc.

No momento da incorporación ao centro a persoa beneficiaria deberá levar :

- Documento nacional de identidade (DNI).
- Tarxeta sanitaria.
- Xustificante de ter abonado o custo da praza, no caso de non facelo nese momento.
- **Informe médico actualizado** no que se reflicta o seu diagnóstico e o tratamento que está a seguir, da súa **medicación e/ou accesorios habituais** necesarios para o transcurso da quenda, ademais da suficiente roupa interior e exterior que poida precisar durante a estadía.

Os gastos de desprazamento desde o domicilio das persoas beneficiarias ata o centro e viceversa serán por conta destas.

Centros nos que se desenvolverá o programa:

A atención das persoas en beneficiarias levarase a cabo no centro que elixa a persoa solicitante cando o devandito centro dispoña de praza vacante nese momento, se adecúe as características e á idade do solicitante e estea autorizado pola subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da secretaría xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar para a prestación deste programa (segundo o rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)).

Para iso, a Secretaría Xeral de Política Social elaborará e manterá actualizado unha listaxe, que se poderá consultar tamén na web da Consellería de Traballo e Benestar, para que as persoas interesadas, o persoal dos servizos sociais comunitarios, dos servizos de saúde e servizos especializados podan ter información puntual dos centros dispoñibles.

Estas listaxes de centros están abertos a actualizacións.

[Solicitud de adhesión de centros ao programa](#)

- [Centros Respiro Familiar A Coruña](#) (incorporación do complexo residencial Victoria (Teo). última actualización: decembro de 2012)
- [Centros Respiro Familiar Lugo](#) (última actualización 8/06/2012)
- [Centros Respiro Familiar Ourense](#)
- [Centros Respiro Familiar Pontevedra](#) (última actualización: 5/10/2012)